



## REGULAMENTO 3X3 CLUB BALONCESTO ARTEIXO DUACODE CONCELLO DE ARTEIXO

- ✓ Poderá participar neste torneo calquera persoa que o desexe, a partir de 6 anos.
- ✓ Os equipos estarán formados por un mínimo de 3 e un máximo de 5 xogadores/as dun grupo homoxéneo en idade. Os equipos poderán ser masculinos, femininos ou mixtos, establecéndose as categorías en función das idades, non do sexo dos participantes.
- ✓ As categorías estableceranse da seguinte maneira:
  - \* Pre-benxamín ⇒ Nados no ano 2011 e 2012
  - \* Benxamín ⇒ Nados nos anos 2009 e 2010
  - \* Alevín ⇒ Nados nos anos 2007 e 2008
  - \* Infantil ⇒ Nados nos anos 2005 e 2006
  - \* Cadete ⇒ Nados nos anos 2003 e 2004
  - \* Junior ⇒ Nados nos anos 2001 e 2002
  - \* Senior ⇒ Nados no ano 2000 e anteriores

As idades dos compoñentes dos equipos serán homoxéneas, e a poder ser dentro destas franxas. Se é necesario, aceptarase que un xogador poida xogar na categoría inmediatamente superior á que lle corresponda.

- ✓ Para inscribirse correctamente débese cubrir a folla de inscrición cos datos de tódolos xogadores, e entregalo na oficina do C.B.Arteixo (no Pazo dos Deportes) ou ben envíalo por correo electrónico a [contacto@cbarteixo.com](mailto:contacto@cbarteixo.com), Tamén a través da nosa páxina web [www.cbarteixo.com](http://www.cbarteixo.com)
- ✓ O prazo de inscrición remata o venres 12 de abril.
- ✓ Os horarios dos partidos estarán a disposición de todos a partir do venres 19 de abril nas redes sociais e na páxina web do club e enviáremoslos por correo electrónico ós xogadores.
- ✓ Todos os xogadores menores de 18 anos, deben achegar a autorización asinada polo pai/nai.

### **REGULAMENTO DE XOGO**

1. Os partidos disputaranse a reloxo corrido (non se parará o tempo en ningún momento) en 2 cuartos de 10 minutos. Entre o 1º e 2º cuarto, concederáse un descanso de 2 minutos.
2. Os equipos poderán realizar cambio de xogador/a en calquera momento do partido sen avisar ó árbitro, pero sempre que o balón non estea en xogo nese intre.
3. O tempo controlarase dende o marcador central, avisando do inicio e do final do mesmo, co sinal da bocina.
4. Os equipos deberán estar cunha antelación mínima de 15 minutos ó horario previsto para o seu partido.
5. O resto de regras rexeranse pola normativa oficial do baloncesto.

**A organización do Torneo resérvase o dereito de tomar as medidas necesarias, para a resolución das diferentes problemáticas que poidan xurdir ó longo do torneo. Así como a modificación de horarios ou forma de xogo, sen previo aviso os participantes.**

### **LEMBRADE QUE O TORNEO É DE CARÁCTER AMIGABLE**

PARA DÚBIDAS OU CONSULTAS **686 603 331/606 276 115** ou [contacto@cbarteixo.com](mailto:contacto@cbarteixo.com)